

TRABALLO SOCIAL



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.



equipos orientación específicos

1. PRESENTACIÓN

Tal e como aparece recollido no Decreto 120/1988 de 23 de abril e na Orde de 24 de xullo de 1998 os traballadores sociais ou educadores sociais son profesionais que formarán parte do Equipo de Orientación Específico xunto con psicólogos e/ou pedagogos e/ou psicopedagogos, mestres especialistas en audición e linguaxe, como axentes externos aos centros no campo da orientación; orientación entendida como un PROCESO que abrangue a todo o período de escolarización, dende o seu inicio ata o nivel universitario, pero tamén entendida como un PROCESO que inclúe a toda a comunidade educativa.

Hai que ter en conta que o desenvolvemento de cada alumno vén determinado polas súas propias características pero tamén polas transaccións que se producen entre os diferentes sistemas nos que se atopa: familia e amigos, relacións familia - escola, condicións de vida e forma de cubrir as súas necesidades básicas e polas expectativas, roles e costumes culturais.

2. DEFINICIÓN

Os especialistas en traballo social dos Equipos de Orientación Específicos son profesionais de perfís educativos centrados no coñecemento dos factores socioambientais e na intervención social dentro do sistema escolar.

O traballador social, dentro do Equipo de Orientación Específico realiza accións de intervención socioeducativa cos alumnos que presentan problemas ou dificultades de integración escolar e social.

As características de personalidade, a escola e certas características sociofamiliares como un baixo nivel económico, ausencia de normas, poucos coidados e atencións básicas, inestabilidade familiar e pautas educativas desaxeitadas, son factores de risco que poden derivar en situacións socioeducativas desfavorables.

As situacións familiares coas que nos atopamos fan referencia a:

- Baixa estimulación cultural, con prácticas disciplinarias baseadas na inconsistencia educativa, con escasa capacidade de supervisión e ausencia de regras e normas.
- Dificultade para asumir as deficiencias ou dificultades que presenta o seu fillo, falsas expectativas.



- Problemas de comunicación intrafamiliar e desestruturación familiar.
- Illamento familiar (conflito e distanciamento respecto ás familias de orixe) e social (ausencia de contactos significativos de apoio persoal e afectivo) ou relacións dentro dun circuío de marxinalidade.
- Situacións socioeconómicas precarias e ás veces actividades marxinais.
- Períodos longos de monoparentalidade por parte das nais; neste caso en xeral os pais, de habelos, xogan un papel moi periférico e secundario en todo o referente á educación e coidado dos fillos.
- Pertenza a minorías étnicas coa marxinalidade que en ocasións leva consigo.
- Problemáticas sociais relacionadas con abuso de alcohol, drogas, prostitución, privación de liberdade...
- Antecedentes de institucionalización dos pais ou historias dos mesmos cargadas pola deprivación afectiva, a negligencia ou o maltrato.
- Tendencia a repetir de maneira transxeneracional as problemáticas; paralelismo entre a historia actual dos pais coas súa propia historia como fillos.
- Familias usuarias crónicas de servizos sociais, sanitarios, educativos, xudiciais en ocasións, con un grande potencial de demanda de recursos materiais e/ou de intervencións técnicas. Entran con facilidade en procesos de cronificación, marxinalidade e illamento social.
- Dificultades de comunicación entre o centro e a familia. Problemáticas tratadas desaxeitadamente, ben xustificando tódalas actuacións e culpabilizando aos demais dos problemas dos seus fillos ou ben castigándoo esaxeradamente.
- Actitude negativa ante o estudo, absentismo, desvalorización da escola...



3. FUNCIONES

- Coordinar e asesorar aos departamentos de orientación para a detección daqueles factores de risco que poidan derivar en situacións socioeducativas desfavorables.
- Dar pautas para a realización ou realizar a valoración sociofamiliar do alumnado que presente problemas derivados de factores ou condicionantes sociais desfavorecidos e propoñer liñas de actuación.
- Colaborar na valoración interdisciplinar do alumnado.
- Cooperar con outros servizos sociais e de saúde para poder dar unha resposta coordinada na atención á infancia e a adolescencia.
- Cooperar cos centros educativos na elaboración de propostas de intervención dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de situacións sociais, culturais e familiares desfavorecidas, así como promover a integración das familias e do contorno nas actividades do centro.
- Informar sobre os recursos socioeconómicos, educativos e culturais da zona, de interese para o desenvolvemento persoal, social e de inserción laboral do alumnado.
- Participar no desenvolvemento de programas de garantía social.
- Participar en programas formativos para pais e nais.

4. INTERVENCIÓN

A efectos funcionais os traballadores sociais asumen tarefas en tres ámbitos: en relación ós demais especialistas do Equipo de Orientación Específico, en relación ás familias, e apoio especializado ós centro educativos.

- En relación ós demais especialistas do equipo de orientación específico colaboran na avaliación psicopedagóxica aportando criterios de avaliación do contexto familiar e social e, no seu caso realizando ditas valoracións. Esta tarefa realízana en maior proporción coa especialidade de trastornos de conduta.



- En relación ás familias:
 - . Orientación ás familias en canto o establecemento de normas e pautas para a educación no entorno familiar e asesoramento a familias para que dispoñan de ferramentas máis adecuadas para manexar as dificultades que os seus fillos poidan presentar.
 - . Orientación e asesoramento a familias en situación de risco social e coordinación con outros servizos a fin de que accedan aos recursos e apoios que poidan precisar.
 - . Colaboran no establecemento dunhas relacións fluídas entre os centros educativos e ás familias.
- Apoio especializado ós centros educativos:
 - . Proporcionan información sobre aspectos familiares e sociais que interfíren no proceso escolar de determinados alumnos, de alumnos con necesidades educativas especiais e de alumnos en situación de desvantaxe social.
 - . Participan no asesoramento sobre estratexias de compensación educativa interna e externa para integrar no ámbito escolar aos alumnos con problemas de adaptación por motivos sociais.
 - . Proporcionan información sobre os recursos educativos, culturais, sanitarios e sociais existentes, as vías adecuadas para a súa utilización, posibilitando o seu máximo aproveitamento e facilitando a coordinación entre os servizos da zona e o centro educativo.
 - . Colaboran nos procesos de acollida e de mediación social.

Ante unha demanda de intervención que chega ao Equipo de Orientación Específico, xeralmente:

- a. Analízase o seu contido e planifícase a intervención antes de acudir ao centro.
- b. No centro, previa comunicación, recóllese información de todas as intervencións realizadas ata o momento e da problemática que presenta, a través do equipo directivo, do orientador, do titor, do profesorado ou outros profesionais do centro que o atendan.
- c. Faise unha valoración, maioritariamente mediante entrevista á familia, da situación e contexto familiar no que se desenvolve. Observación da dinámica relacional pais-fillo.

- d. Valoración, cando é preciso, da dinámica relacional dos alumnos na clase.
- e. Recollida de información do traballo realizado por outros servizos ou institucións que teñan intervido no caso (Unidade de Saúde Mental Infanto Xuvenil, Servizos Sociais de Atención Primaria dos Concellos, Equipo Técnico de Menores, Equipo de Integración Familiar...).
- f. Elaboración dun informe resumo da valoración e pautas de intervención.
- g. Coordinación cos servizos intervinientes.
- h. Devolución ao centro e a familia de toda esta información e planificación conxunta das orientacións.

5. RECURSOS

5.1 RECURSOS ESPECÍFICOS

Na páxina web da Xunta de Galicia, se nos diriximos á sección de Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, podemos atopar diferentes áreas de actuación (muller, infancia, familia, dependencia, discapacidade...). Entrando en cada unha destas pestanas accederemos a obter información sobre os programas e recursos específicos de cada área.

5.2 BIBLIOGRAFÍA

- Fidrenza, A. (2005). Niños y adolescentes difíciles. Barcelona: RBA.
- Carrobes, J.A., Pérez-Pareja, J. (2008). Escuela de padres. Guía práctica para evitar problemas de conducta y mejorar el desarrollo infantil. Madrid: Pirámide.
- Barkley, R.A. (1999). Niños hiperactivos. Cómo comprender y atender sus necesidades especiales. Barcelona: Paidós.
- Barkley, R.A., Benton, C.M. (2000). Hijos desafiantes y rebeldes. Consejos para recuperar el afecto y lograr una mejor relación con su hijo. Barcelona: Paidós.
- Armas, M. (2007). Prevención e intervención ante problemas de conducta. Estrategias para centros educativos y familias. Madrid: Wolters Kluwer.



- Aguado, T. (2003). Pedagogía intercultural. Madrid: McGraw Hill.
- Bazarra, L., Casanova, O., Ugarte, J.G. (2007). Profesores, alumnos, familias. 7 pasos para un nuevo modelo de escuela. Madrid: Narcea.
- Fernández, Isabel. (1998). Prevención de la violencia y resolución de conflictos. El clima escolar como factor de calidad. Madrid: Narcea.
- Rodríguez, N. (2004). Guerra en las aulas. Cómo tratar a los chicos violentos y a los que sufren sus abusos. Madrid: Temas de hoy.
- Martínez González, M. C. y otros (2005). Aprendo a solucionar conflictos. Estrategias, técnicas y programas. Madrid: Sanz y Torres.

5.3 ENLACES

- www.xunta.es
- www.edu.xunta.es
- www.igualdadebenestar.org (Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar).
- www.igualdadegaliza.org (Área de Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar).
- www.benestargaliza.org (Área de Benestar da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar).
- www.xuventude.net (Recursos para a mocidade galega).
- www.coidanet.com (Información sobre áreas relacionadas coa dependencia).
- www.querote.org (centros “quérote” rede de asesoramento afectivo-sexual para a xuventude).